

2. A organización política e territorial de España

Para comezar

- Sabes que sistema de goberno existe en España?
- Cal é a función da Xunta de Galicia?
- Que escolles cando votas nunhas eleccións municipais? E nas autonómicas?
- Que eliximos nunhas eleccións ás Cortes? E nun referendo?
- Como funcionan as institucións do Estado? E as das comunidades autónomas?
- Que recolle o Estatuto de Autonomía de Galicia?

A organización política e territorial de España

Desde o mes de decembro de 1978, España ten un sistema de goberno democrático en forma de monarquía parlamentaria, onde toda a cidadanía ten os mesmos dereitos e obrigas. Pode tomar decisións sobre como quere que a gobernen grazas á proclamación da Constitución española, esta norma é a máis importante do noso corpus xurídico e serve de guía para toda a lexislación. Calquera persoa ten que coñecela para poder exercer todos os seus dereitos, mellorar as súas relacións coas administracións e coñecer o funcionamento das institucións.

Dita Constitución reconece o Estado das autonomías, o que xustifica que Galicia sexa unha comunidade autónoma. O Estatuto de Autonomía de 1981 marca a norma a seguir en Galicia, coñecelo tamén é fundamental para calquera persoa que viva na

nosa comunidade.

O noso proxecto



O noso proxecto

Gráficas. Primeiro contacto

Observa as seguintes gráficas sobre a evolución da Covid 19 en España no mes de marzo de 2020, especialmente nos días previos á declaración do estado de alarma.

- [Seis meses de pandemia do coronavirus en Galicia, en seis gráficos](#)
- [Quince gráficos para comprender o ano da pandemia](#)

Reflexiona sobre o que ves, cres que a situación é grave? Razona a túa resposta e expóna diante dos compañeiros e as compañeiras.

Esta actividade do proxecto pretende achegarnos a unha realidade vivida na primavera do 2020, que nos levou a un confinamento nas nosas casas, coartando parte dos nosos dereitos. A isto chegouse por unha pandemia mundial que empezou a expandirse de forma acelerada no noso país, polo que o Goberno tivo que tomar medidas drásticas: a declaración do estado de alarma.

Visualiza o seguinte [vídeo](#), do 13 de marzo de 2020, onde o presidente Pedro Sánchez se dirixe á nación para informar da nova situación.

Que di a Constitución?	
1. O estado de alarma é unha medida excepcional que se pode tomar ante determinadas situacións, seguindo o pautado na Constitución, en concreto nos artigos 55 e 116. Leos con atención, pensa e expón a túa reflexión aos teus compañeiros e ás túas compañeiras.	● Que medidas legais existen ante unha situación excepcional? ● A situación axustábase ao recolleito na Constitución? ● Que che parecen estas medidas? Son útiles? Son necesarias? ● Estes artigos da constitución están ben delimitados ou poden levar a abusos? ● Lembras algo deses días? Que dicían os políticos e as políticas? Cal era a actividade parlamentaria? Recordas algunha votación? ● Tomáronse medidas que coartaban dereitos? Cales? Pensas que foron necesarias? Botaches de menos algunha outra medida? Cal? ● Cres que se cumpriu o establecido na lei?
2. A continuación le os artigos do 4 ao 12 da lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, sobre os estados de alarma, excepción e sitio.	● Cres que dita lei determina os pasos para seguir nun estado de alarma ou están pouco especificados? ● A lei garante os dereitos e liberdades recollidos na Constitución? Razona a túa resposta.
3. Por último, lembra o estudado na unidade sobre as competencias das CC.AA. e as do Estado, artigos 148 e 149 da Constitución.	Nestes artigos fálase de sanidade. Tenta razoar e responde: ● Por que a sanidade das CC.AA. se viu supeditada ás normas que ditaba o Goberno?

Se aínda tes curiosidade e queres saber máis, nestas páxinas poderás profundar sobre o estado de alarma, a súa evolución e os dereitos e liberdades que se poden limitar con el.

- [Estado de alarma, excepción e sitio](#)
- [Estado de alarma](#)
- [O Goberno central limita os desprazamentos de toda a cidadanía para tentar frear o coronavirus](#)

- Que dereitos limita un estado de alarma?

Podes avaliar o teu traballo e o do teu equipo con esta rúbrica de autoavaliación e coavaliación.

Os Estados

No mundo existen distintas formas de goberno, algúns países como o noso son democráticos pero outros non. A democracia é o sistema de goberno que garante maior número de liberdades e dereitos. É importante coñecer e distinguir os distintos réximes políticos para poder ser cidadáns e cidadás de pleno dereito e identificar as liberdades, dereitos e obrigacións de todos.

En España desde 1978 temos un réxime democrático, unha monarquía parlamentaria que recoñece dereitos fundamentais e organiza o territorio, descentralizándoo en Comunidades Autónomas (17 máis dúas cidades autónomas: Ceuta e Melilla), provincias (50) e concellos.

Neste tema analizaranse os diversos sistemas de goberno e as súas características, así como a organización política e territorial de España e de Galicia. Por último, achegarémonos a institucións internacionais nas que España participa e que son claves na xeopolítica actual.

No seguinte [vídeo](#) podes ver un pequeno resumo do actual sistema político español.

Os Estados

Un Estado comprende o territorio, a poboación e os órganos de goberno, que inclúen as institucións necesarias para exercer o poder. Ese poder recibe o nome de soberanía, e nos Estados democráticos é cedida polo pobo ao conxunto de representantes políticos e políticas que se escollen mediante eleccións libres.

[illegible]

Nas monarquías a cabeza do Estado é unha única persoa que accede ao cargo de forma vitalicia, a quen normalmente se lle denomina rei ou raíña. A forma máis habitual de acceder ao trono é herdando o cargo, como no caso da monarquía española, aínda que tamén existen monarquías electivas: este sistema é moi común no Oriente Medio. Nestes países é un Consello o que elixe o xefe ou a xefa de Goberno de entre un grupo de persoas, normalmente dunha mesma familia, a real.

As monarquías poden ter ou non limitacións en canto ao poder, podéndose dividir en:

Monarquía absoluta

O rei ou a raíña ten todos os poderes, non ten limitacións. Forma de goberno típica da Idade Moderna, desde o século XVII, pero que aínda perdura en determinados países como os Emiratos Árabes Unidos.

Monarquía parlamentaria

O rei ou a raíña ten limitado o seu poder pola Constitución e o Parlamento; reina, pero non goberna, e as súas funcións están determinadas na Constitución. É típico das grandes monarquías europeas como o caso de España, Bélxica ou o Reino Unido.

Actualmente o noso rei é Filipe VI, proclamado como tal en 2014, trala abdicación de seu pai, Xoán Carlos I.



Proclamación de Filipe VI, xurando a Constitución española.



Sabías que...?

A raíña **Isabel II** do Reino Unido é a que máis tempo leva no cargo. No ano 2017 celebrou os 65 anos como raíña, superando así a que era considerada a máis lonxeva, a súa tataravoa a raíña **Vitoria**.



As repúblicas

Nas repúblicas a xefatura do Estado non é un cargo hereditario nin vitalicio, senón que se exerce durante un período de tempo determinado.

Distínguense entre:

Repúblicas parlamentarias

A xefatura do Estado e presidencia do Goberno son dous cargos distintos, polo que son exercidos por persoas diferentes. O **xefe ou a xefa do Estado** exerce funcións representativas, ten a potestade para disolver o Parlamento de forma anticipada e convocar eleccións, ratifica as decisións da presidencia e nomea entre outros ao presidente ou presidenta do Goberno, que elixe o Parlamento. Algúns exemplos serían Italia, Alemaña, Canadá ou Israel.

Repúblicas presidencialistas

O **xefe ou a xefa do Estado** e do **Goberno** son a mesma persoa. Nas eleccións elíxense os membros do Parlamento e ao xefe do Estado dependendo da disposición do Parlamento, os dous poderes están delimitados e non poden intervir nas decisións do outro. Países onde hai este sistema son: EEUU, Arxentina ou Colombia.

Actividades

1. Busca información sobre cantas raíñas gobernaron España, apúntaas no teu caderno e despois consulta as seguintes ligazóns:

- [A lei sálica](#)
- [A pragmática sanción](#)

Tras ver os vídeos responde ás seguintes cuestións:

- a. A infanta da que fala o segundo vídeo chegou a ser raíña de España? En caso de conseguilo, con que nome reinou? De que ano a que ano?

- b. Que conflitos caracterizan o seu reinado? En que se baseaban ditos conflitos?
- c. Cres que actualmente poderíamos ter unha situación parecida? Razoa e xustifica a túa resposta.

2. Elixe un país onde actualmente haxa unha república parlamentaria e outra presidencialista. Logo completa os seguintes datos para cada un dos países escollidos:

- Nome do Presidente ou da Presidenta.
- Nome do xefe ou xefa do Estado.
- Réxime de goberno.
- Principais institucións.
- Hai democracia ou non?

3. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

Nas repúblicas democráticas o xefe ou a xefa do Estado escóllese a través do Presidente ou Presidenta do Goberno, segundo as súas preferencias.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os Estados poden pertencer a organizacións supranacionais, onde ceden parte da soberanía a institucións de ámbito internacional.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Nas monarquías o xefe ou a xefa do Estado é unha única persoa que nalgúns casos accede ao cargo de forma vitalicia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Nas monarquías absolutas o rei ou a raíña ten limitado o seu poder pola Constitución e o Parlamento.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Nas repúblicas parlamentarias, a xefatura do Estado e a Presidencia do Goberno son dous cargos distintos, polo que son exercidos por persoas diferentes.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

4. Selecciona a opción correcta en cada caso:

5. Selecciona a opción correcta en cada caso:


	República parlamentaria	República presidencialista
	Monarquía absoluta	Monarquía parlamentaria
O rei ou a raíña ten limitado o seu poder pola Constitución e o Parlamento.	☐	☐
Foi o sistema de goberno típico da Idade Moderna, que aínda hoxe podemos atopar en determinados países.	☐	☐
As funcións do rei ou da raíña están determinadas na Constitución.	☐	☐
O rei ou a raíña ten todos os poderes, non ten limitacións.	☐	☐

Os réximes políticos

Actualmente, os réximes políticos pódense agrupar en dous:

- os **democráticos**, presentes na maioría dos países desenvolvidos;
- e os **non democráticos**, moi habituais en países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento.

Créditos: [JackintheBox](#)



A democracia

O termo democracia, etimoloxicamente, significa goberno do pobo. A orixe deste sistema de goberno hai que buscalo na Grecia clásica, na Atenas de Pericles. Pero é desde o último cuarto do século XIX cando vai gañando forza e importancia, ata converterse na forma de goberno habitual dos países desenvolvidos. Caracterízase por:

- **Soberanía nacional:** o poder reside no pobo que o cede aos seus representantes, os políticos e as políticas que se elixen mediante sufraxio universal nas distintas eleccións. As eleccións periódicas son o reflexo da vontade do pobo, do electorado, que escolle representantes cedéndolles o poder. Hai distintos tipos de eleccións: nacionais, municipais ou territoriais, europeas e referendos. O voto é libre, secreto e directo.
- **Principio de igualdade:** todas as persoas son iguais ante a lei e teñen os mesmos dereitos e obrigacións.



- **Separación de poderes** en tres áreas diferenciadas :
 - **O poder lexislativo.** Redacta, aproba leis e controla o Goberno. Susténtao o Parlamento, que pode ser unicameral ou bicameral. Este último é o caso de España, onde as Cortes (Congreso dos deputados e Senado) exercen dito poder.

- **O poder executivo.** Fórmalo o goberno: o Presidente ou Presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta e os ministros e as ministras. Controla a Administración, dirixe o país e fai cumprir as leis elaboradas polo Parlamento, dirixe a política exterior, recada impostos, garante a seguridade mediante a policía e o exército etc.
- **O poder xudicial.** Aplica as leis e imparte xustiza. Osténtano os xuíces, as xuízas, os maxistrados e as maxistradas.
- **Partidos políticos.** As diversas ideoloxías maniféstanse en organizacións políticas, os partidos políticos, de onde serán elixidas as persoas representantes. Existen democracias **multipartidistas**, como a española, cun número indefinido de partidos; ou **bipartidistas**, como a estadounidense, onde as opcións políticas tenden a se agrupar en dúas.
- Recoñécense e **garántense os dereitos e liberdades** fundamentais.



[1]

Dereitos
individuais



[2]

Dereitos
políticos



[3]

Dereitos
xurídicos



[4]

Dereitos
económicos
e sociais

- Nunha democracia é fundamental unha **Constitución** que regule todo o ordenamento xurídico do Estado, cuxo contido é de obrigado cumprimento. É a lei básica, onde están recollidos os principios fundamentais que inspiran pero tamén limitan as demais leis, ningunha lei pode ser contraria á Constitución.

Estas democracias poden estar **consolidadas e ser estables**, como as dos países da Unión Europea, ou **non consolidadas**, como por exemplo a rusa, que se caracteriza pola súa pouca estabilidade.

Os réximes non democráticos

Este tipo de réximes contan coas seguintes características:

- O **poder** é exercido por unha persoa ou institución que non conta con boa

parte do respaldo da sociedade que dirixe.

- Os **partidos políticos** están prohibidos ou limítanse a un único partido, o da persoa dirixente.
- Os **dereitos fundamentais** e as **liberdades** non están garantidos.
- **Non** existe **separación de poderes**, non hai ningún tipo de control ao Goberno, mesmo aínda que exista un Parlamento.
- Góvernase buscando o **beneficio dunha minoría** e non o ben común.
- **Non hai igualdade** ante a lei.

Entre estes réximes non democráticos atópanse as monarquías absolutas, os réximes teocráticos, as ditaduras e os totalitarismos.

Actividades

1. Sinala se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

O poder xudicial aplica as leis e imparte xustiza. Osténtao o Parlamento e o Senado.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os réximes democráticos garanten os dereitos e liberdades fundamentais.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Nalgunhas democracias non existe separación de poderes.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

O poder lexislativo redacta, aproba leis e controla o Goberno.
Susténtao o Parlamento, que pode ser unicameral ou bicameral.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

O poder executivo está formado polo Goberno, o Congreso e o Senado.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

O principio de igualdade conleva que o poder reside no pobo e este cédeo a quen o representa: os políticos e as políticas, que se elixen mediante sufraxio universal.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

O poder executivo controla a Administración, dirixe o país e fai cumprir as leis elaboradas polo Parlamento, entre outras moitas funcións.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

2. Partindo do seguinte mapa busca tres países con réximes democráticos e outros tres non democráticos. A continuación, completa o seguinte cadro no teu caderno:

Nome do país	Réxime político	Situación económica (país desenvolvido, non desenvolvido ou en vías de desenvolvemento)

Tras completar o cadro responde á seguinte pregunta:

Pensas que o réxime político ten que ver co desenvolvemento do país? Razoa a túa resposta.

3. Busca información sobre algún referendo que se celebre en España e contesta:

- Cando se celebrou?
- Sobre que era a consulta?
- Cal foi a participación?
- Cal foi o resultado? Foi relevante para España? Por que?

4. Clasifica os seguintes dereitos segundo sexan individual, xurídico, económico/social ou político.

- Pluralidade política ➤
- Dignidade moral da persoa ➤
- Dereito á educación ➤
- Dereito a non ser detido ou detida arbitrariamente ➤

e. Igualdade ante a lei ➤

f. Dereito a un proceso con garantías ➤

g. Dereito á folga ➤

5. Selecciona a que tipo de réxime corresponde cada unha das seguintes características:

a. Non existe separación de poderes. ➤

b. Existe a soberanía nacional. ➤

c. Góvernase buscando o beneficio dunha minoría. ➤

d. Os partidos políticos ou están prohibidos ou limítanse a un único partido, o da persoa dirixente. ➤

e. Recoñécense e garántense os dereitos e liberdades fundamentais. ➤

f. Existen partidos políticos e eleccións libres. ➤

↑[1]

Dereitos individuais

- Á vida e á integridade física.
- Á liberdade de pensamento, de expresión, de información, relixiosa, de circulación, de residencia, de reunión, de asociación.
- Á igualdade ante a lei.
- Á dignidade moral da persoa.
- Á inviolabilidade do domicilio e da correspondencia.

↑[2]

Dereitos políticos

- Dereito de sufraxio universal, libre, secreto e directo.
- Eleccións libres.
- Pluralidade de opcións políticas.
- Control das funcións de Goberno.
- Existencia dunha Constitución.
- Existencia de parlamentos lexislativos.

↑[3]

Dereitos xurídicos

- Dereito a unha xustiza imparcial e independente.
- Dereito a non ser detido ou detida arbitrariamente.
- Dereito a un proceso con garantías.
- Dereito a contar con recursos xurídicos axeitados.
- Dereito dos detidos ou das detidas a non sufrir malos tratos.

↑[4]

Dereitos económicos e sociais

- Dereito ao traballo.
- Dereito á folga.
- Dereito a un salario digno.
- Dereito á atención sanitaria.
- Dereito á educación.

A Constitución española e a organización política

A Constitución española e a organización política

A historia constitucional española remóntase á Guerra da Independencia cando se promulga [a primeira constitución](#), “A Pepa” en 1812, a Constitución máis extensa, con 384 artigos. Nela establecíase en España a soberanía nacional, a separación de poderes e o sufraxio universal masculino, ideas propias dun Estado liberal. Como curiosidade cabe sinalar que foi a terceira que se promulgou no mundo, despois da de EEUU (1787) e da francesa (1791).

Ao longo do século XIX España aprobou distintas constitucións, algunhas máis progresistas e outras máis conservadoras, segundo as ideoloxías políticas e ideolóxicas do momento en que se crearon.

1812

Constitución liberal, coñecida como “A Pepa”. Foi a primeira e tamén a máis longa en canto á súa extensión. Establece o sufraxio universal masculino.



Óleo de Salvador Viniegra pintado en 1912 representando a promulgación de “A Pepa” nas Cortes de Cádiz en 1812; conservado no Museo Histórico Municipal de Cádiz.

1837


Constitución progresista. Senta as bases para a creación do Senado. É a primeira que conta con declaración de dereitos.



Isabel II xurando a Constitución de 1837 nas Cortes. Óleo de José Castelar (Museo de Historia, Madrid).


1845

Constitución conservadora. Comparte a soberanía nacional entre o pobo, a Coroa e as Cortes.



1869

Constitución progresista. Conta cunha ampla e avanzada declaración de dereitos e liberdades. Instaura unha monarquía democrática. Recoñece a aconfesionalidade do Estado.



1876

Constitución conservadora. A máis duradeira no tempo. Apoia o sistema de alternancia de partidos que estaba vixente.



María Cristina, como raíña rexente, xura a Constitución de 1876.

1931

Constitución moi avanzada. Recoñece:

- A república como forma de goberno.
- O sufraxio universal masculino e feminino.
- Prevé a autonomía dos municipios e das rexións.



Portada da Constitución de 1931.

1978

Constitución liberal. O sistema de goberno é a monarquía parlamentaria. Recoñece dereitos e liberdades. É a máis longa de Europa na actualidade.



A actual **Constitución española de 1978** é o resultado da política que xurdiu tras a morte do ditador Francisco Franco. Todas as organizacións políticas e sociais, ademais do novo xefe do Estado, o rei Xoán Carlos I (elixido por Franco como seu sucesor) traballaron xuntas para poder cambiar de réxime político e redactar unha Constitución que rexese, a partir de entón, o ordenamento xurídico de España, por iso se di que foi **consensuada**.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Fragmento do discurso pronunciado polo rei Xoán Carlos I en Washington en 1976, unha declaración de intencións para implantar a democracia en España.



A Monarquía fará que, baixo os principios da democracia, se manteñan en España a paz social e a estabilidade política, á vez que se asegure o acceso ordenado ao poder das distintas alternativas de goberno, segundo os desexos do pobo libremente expresados.

Xoán Carlos I



Este discurso foi moi importante, significou o apoio do novo xefe do Estado español para instaurar unha nova forma de Goberno, a democracia. Nesta [ligazón](#) podes ver o discurso.


Tras un [referendo](#) celebrado o 6 de decembro de 1978, a Constitución española foi aprobada pola inmensa maioría da poboación (87,7%), entrando en vigor a finais dese mesmo mes.



Sabías que...?

Para profundar sobre este tema podes ver a seguinte serie [documental](#) de TVE, composta por 13 capítulos que retratan o período que vai dende decembro de 1973 ata as eleccións de xuño de 1977.

Tamén podes ver na casa este vídeo da canle de Youtube Xeografía e Historia, sobre a decadencia do franquismo e a chegada da Transición:



Principais características da Constitución de 1978

- É unha **constitución liberal e avanzada**, que define España como un **Estado social, democrático e de dereito**. Isto significa que se respetan os dereitos democráticos da cidadanía e que se vela polo benestar socio-económico da poboación.
- Recoñece os dereitos e deberes fundamentais de todas as persoas (Título I). Por iso se di que é un **Estado social**.
- Establece un **Estado democrático** ao outorgar dereitos políticos á cidadanía. Proporciona as canles para organizar a súa participación e a representación da vontade popular a través da elección dos membros das Cortes.
- É un **Estado de dereito** ao estar a Administración e a cidadanía suxeitas ao cumprimento do ordenamento xurídico que se basea na Constitución española.
- A forma política do Estado é a **monarquía parlamentaria**, onde o rei é o xefe de Estado.
- O poder reside no pobo, a chamada **soberanía nacional**, de onde emanan todos os poderes do Estado, que están divididos (lexislativo, executivo e xudicial.)
- Establece a **organización territorial do Estado** (Título VIII), recoñecendo o dereito á autonomía, dentro dunha división territorial do Estado en tres niveis: Comunidades Autónomas, provincias e municipios.
- Establece os procedementos para unha **posible reforma**.
- É **moi extensa**, das máis longas de Europa (conta con 169 artigos).



Sabías que...?

A Transición ten a súa propia banda sonora. Nesa época había moitas cancións que recollían as reivindicacións e a loita do pobo por acadar a liberdade. Desde Serrat a Labordeta, xurdiron cantautores e himnos reivindicativos, froito do clamor popular que ansiaba cambios políticos en España. Estes son algúns exemplos, seguro que che son coñecidos:

- “Libertad sin ira”, do grupo Jarcha
- “Habla pueblo habla”, do grupo Vino Tinto

A organización política española

O rei é o xefe do Estado e ten establecidas as súas funcións e atribucións dentro da propia Constitución, así como a súa rexencia ou a sucesión ([Título II](#)).

Cal é o papel da monarquía?

En España, o rei ou a raíña é a cabeza do exército e representa España no exterior.

Sanciona as leis antes de que estas entren en vigor, isto é, asínaas para darlles validez.

A monarquía exerce un **poder de moderación** ou ábitraxe entre as diferentes institucións. Non ten responsabilidade penal e é inviolable, non se pode ser xulgada.

O monarca que encabezou a institución en España tras a morte de Franco en 1975 foi Xoán Carlos I. O rei emérito abdicou no seu fillo **Filipe VI** en 2014, e a súa sucesora, ata o momento, será a súa primoxénita Leonor de Borbón.

Nesta [ligazón](#) poderás saber máis sobre porqué actualmente en España hai unha monarquía e non unha república, ademais das razóns polas que está recollida na Constitución, en base aos acontecementos históricos.

Como se organiza o poder lexislativo?

O sistema parlamentario en España organízase en dúas cámaras (é bicameral): o **Congreso** e o **Senado**. 350 deputadas e deputados e 208 senadoras e senadores que son elixidos mediante sufraxio universal cada catro anos.

O Congreso dos deputados -ou cámara baixa- elixe a presidencia do Goberno, á que pode retirar a súa confianza mediante **moción de censura**.

O Senado revisa e aproba as leis propostas polo Congreso dos deputados. Na teoría é unha cámara de representación territorial que debate sobre as cuestións relativas á aplicación de normas nas comunidades autónomas, mais o seu compoñente territorial non é funcional na práctica (os senadores e as senadoras que son de elección autonómica, posto que non todos e todas se escollen así, actúan como representantes dos partidos políticos aos que pertencen, non das rexións).

As características, atribucións e funcións, veñen especificadas nos [Títulos III e IV](#) da Constitución española.

Como se organiza o poder executivo?

O **poder executivo** está en mans do goberno, que o forman o Presidente ou Presidenta, xunto cos ministros e as ministras que escolle segundo o seu criterio. As súas funcións e atribucións aparecen reflectidas no [título IV](#) e [V](#) da Constitución. Estas atribucións basicamente son: controlar a Administración xeral do Estado, aplicar as leis aprobadas nas Cortes, dirixir a política interior e exterior e a defensa.

O Goberno rende contas das súas decisións ao Parlamento.

Como se organiza o poder xudicial?

O poder xudicial asúmeno os tribunais de xustiza, integrados por xuíces, xuízas, maxistrados e maxistradas. O máximo organismo que controla o poder xudicial é o **Tribunal Supremo**.

De cara a comprobar que a carta magna é respectada, outro tribunal, o **Constitucional**, encárgase de xulgar que as leis (estatais, autonómicas e locais) estean de acordo coa Constitución vixente.

As súas funcións e atribucións veñen expresadas no [título VI](#) e [IX](#) da Constitución española.



Sabías que...?

Ao longo da historia recente da democracia española téñense presentado no Congreso dos deputados ata 5 mocións de censura, das que só unha ten obtido como resultado a substitución do Goberno.

A finalidade da **moción de censura** é a de mobilizar á maioría do Congreso en favor dun cambio de Goberno. Para iso, a candidatura proposta ha de superar en número de votos o Goberno contra o que se propón a devandita moción de censura.

A única ocasión, desde 1975, en que ten triunfado unha moción de censura é a de xuño de 2018, en que un candidato do PSOE (Pedro Sánchez, con 180 votos dos 350 deputados e deputadas do Congreso) desprazou un do PP (Mariano Rajoy) na presidencia naquel momento.

Os partidos políticos

A Constitución española permite a existencia de diversos partidos políticos que representen as distintas ideoloxías, tamén permite a libre organización sindical e de asociacións empresariais ou doutra índole. De entre os membros destes partidos están as persoas candidatas a saír elixidas como representantes políticas nas eleccións estatais, autonómicas e municipais, ademais de nos comicios para escoller os parlamentarios e as parlamentarias que nos representan na UE, e de maneira ocasional mediante referendo.

As eleccións son a forma de expresar a soberanía popular.

España nas institucións supranacionais

Na actualidade España participa activamente en distintas institucións supranacionais, demostrando así a súa importancia xeopolítica e económica no mundo. Está presente en organismos de ámbito económico, militar ou xeopolítico, por exemplo:

- Unión Europea (UE)
- OTAN (Organización do Tratado do Atlántico Norte)
- ONU (Organización de Nacións Unidas) e todas as súas axencias.
- Fondo Monetario Internacional (FMI)
- Organización Internacional do Traballo (OIT)
- Consello de Europa
- Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa (OSCE)
- Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).
É membro fundador e conta cunha delegación permanente na sede da institución en París.
- G-20. Este grupo está formado por diversos países e pola Unión Europea como institución supranacional. España é un país invitado permanente nas súas reunións.



Sabías que...?

A actual Constitución viuse ameazada o 23 de febreiro de 1981, nun episodio controvertido da nosa historia recente, pero que supuxo un respaldo institucional e social á democracia. O errado golpe de Estado recibe o nome de 23 F e foi levado a cabo por varios gardas civís que operaban baixo o mando do tenente coronel Antonio Tejero. O asalto realizouse durante a votación para a investidura de Leopoldo Calvo Sotelo. Na seguinte [ligazón](#) podes saber máis sobre este momento histórico.

Actividades

1. Sinalas se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

Durante a pandemia da COVID-19, o Estado non interveu nada na economía.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A plutocracia é o goberno do proletariado.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Algunhas empresas transnacionais son máis poderosas ca moitos estados non desenvolvidos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O sistema capitalista ten un desemprego crónico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As crises máis recentes do sistema capitalista foron a de 2008 e a da COVID-19.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

2. Busca o nome dos deputados, deputadas, senadores e senadoras electos pola túa provincia. Podes coñecer a composición e os membros do [Congreso](#) e do [Senado](#) consultando as ligazóns.
3. **En grupo.** Le con atención os seguintes artigos da Constitución e logo responde ás cuestións:
- Cal dos artigos pensas que é o máis importante? Xustifica a túa resposta.
 - Modificarías algún deses artigos? Que mellorarías?

Art. 1: España constitúese nun Estado Social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político (...) A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Art. 2: A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española (...) e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integra e a solidariedade entre todas elas.

Art. 14: Os españois son iguais ante a lei, sen que poidan prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Art. 139: Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigacións en calquera parte do territorio do Estado.

Organización territorial de España

A Constitución española no seu [artigo 2](#) fala da indisoluble unidade da nación española, recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre elas. É no [título VIII](#) onde establece a organización territorial do Estado en comunidades autónomas, provincias e municipios, creando por tanto, un estado descentralizado.

Cando se fala da **descentralización administrativa** en España sempre xorden as comparanzas cos estados federais, como o caso alemán, aínda que o noso Estado non se define como tal.

Actualmente existen en España 17 comunidades autónomas e dúas cidades autónomas (Ceuta e Melilla), 50 provincias e máis de 8000 municipios.

O porqué da descentralización

Trátase dun país descentralizado, xa que existen administracións de menor tamaño que gobernan o seu territorio, como as **comunidades autónomas**. Isto débese a que falamos dun país moi diverso, con distintas linguas, tradicións ou características propias, algo que xustifica esta decisión de ceder autogoberno ás rexións.

Durante a II República tivo lugar a elaboración de 3 estatutos de autonomía correspondentes a Cataluña, Euskadi e Galicia, por iso na Constitución de 1978 son recoñecidas estas rexións como nacionalidades históricas.

Os niveis de división territorial inclúen -nalgúñas comunidades autónomas- a superposición das **comarcas** como unidade de organización supramunicipal e infraprovincial. Teñen importancia significativa en Cataluña e Galicia, nas que as vilas

principais son cabeceiras de comarca organizadoras do territorio.

Ademais existe un terceiro nivel administrativo, o **local**, representado fundamentalmente polas deputacións provinciais e os concellos.





UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Fragmento do **discurso de investidura** de Leopoldo Calvo-Sotelo pronunciado no Congreso dos deputados o 18 de febreiro de 1981, onde explica como o Estado ten que involucrarse na defensa e na creación do estado autonómico.



Debo dicir con claridade que, se chego a presidir o Goberno, este exercerá sen vacilacións todas as competencias que a Constitución e os Estatutos lle reservan. E iso non para limitar ás autonomías, senón precisamente para servilas, como antes anotei. Non haberá autonomías fortes sen un Estado forte, para profundar o proceso autonómico é imprescindible robustecer as estruturas unitarias dentro das cales han de moverse as comunidades autónomas, como é imprescindible tamén robustecer a autonomía e as facendas dos concellos e das deputacións, nun esforzo coordinado de solidariedade.

Leopoldo Calvo-Sotelo



Evolución histórica

O que hoxe denominamos Estado español foise configurando a través da historia. É o resultado de múltiples organizacións territoriais de diferentes etapas, nas que se van

superpoñendo variadas culturas e tradicións. Por exemplo, unha institución relixioso-administrativa como a parroquia, de fonda importancia en Galicia, ten orixe sueva.

A primeira organización territorial foi consecuencia da conquista romana. A partir de 197 a.C., a península ibérica (daquela a unidade que daría lugar á Hispania romana) dividiuse en 2 provincias: Hispania Citerior e Ulterior. Esta división ampliouse en época imperial, e a finais do s. III había 6 provincias (Tarraconensis, Balearica, Cartaginensis, Baetica, Lusitania e Gallaecia). A **romanización** supuxo a unificación do territorio a nivel político, cultural, lingüístico e relixioso.



Trala caída do imperio romano de Occidente, as invasións xermánicas fragmentaron o territorio peninsular. Os suevos instaláronse no espazo antes ocupado pola Gallaecia, e constituíron o reino cristián máis antigo de Europa. Máis tarde, coa chegada dos visigodos (que fixaron a súa capital en Toledo) xorde un reino centralizado que estendeu o seu dominio por case todo o conxunto da antiga Hispania romana.

Na Idade Media, a península ibérica convértese en fronteira co mundo islámico. Os musulmáns chegan en 711 e irán controlando desde Córdoba case todo o territorio peninsular. Nas montañas do norte e nos Pirineos, haberá núcleos de resistencia cristiáns que iniciarán de novo a conquista que vai durar ata 1492. A medida que avanza a "reconquista" aparecen pequenos reinos, nos que se van configurando os

trazos e especificidades das futuras rexións españolas.



Mapa de 1720 que amosa os reinos interiores da España do Antigo Réxime.

formación dun Estado moderno e centralizado comeza a partir da unificación dinástica dos Reis Católicos. As tropas castelás conquistan Granada en 1492 e anexionan Navarra en 1512. Aínda que con leis diferentes, os antigos reinos de Castela e Aragón conviven baixo a mesma unidade dinástica. Puntualmente, Castela, Aragón e Portugal estiveron unidos entre 1580 e 1640, baixo a dinastía dos Habsburgo, coñecida en España como os Austrias.

Haberá que esperar ata comezos do s. XVIII a que España teña unha organización uniforme en canto a institucións e leis, seguindo o modelo de Castela. Este reino apoiou o primeiro Borbón, Filipe V (neto do rei absoluto francés Luís XIV) no seu dereito a herdar o trono de España na Guerra de Secesión. Cos Borbóns aparecen os Decretos de Nova Planta, cos que a uniformización administrativa do territorio tomou pulo.

A actual división administrativa de España é unha obra dos **liberais** do século XIX. Crearon a base da división provincial actual e promulgaron as primeiras constitucións. En España houbo reivindicacións rexionalistas e nacionalistas desde a segunda

metade do 1800, que fraguaron en partidos políticos republicanos e nacionalistas, con intentos de propoñer un modelo federal ou autonómico. Na Segunda República (1931-39) aprobáronse os primeiros estatutos de autonomía.

O modelo territorial actual, herdando elementos republicanos, arranca coa Constitución de 1978. Nela recoñécense como **nacionalidades históricas** as antigas comunidades que tiveran autonomía antes da Guerra Civil (Cataluña, Euskadi e Galicia). Tamén se lle recoñece o dereito á autonomía ao resto de rexións. Refíxose o mapa de época franquista, creando 17 comunidades autónomas, tanto uniprovinciais como pluriprovinciais. Completouse o proceso descentralizador nos anos 90, cando as cidades autónomas de Ceuta e Melilla acadaron ese status, a semellanza do resto de comunidades autónomas.



Sabías que...?

Ceuta é unha cidade española do norte de África. O reino de Portugal foi o primeiro en incorporala ao seu territorio en 1415. Sería posteriormente, en 1580, cando o monarca Filipe II a sumou á coroa de España.

En 1640, cando os portugueses se rebelaron para recobrar a súa independencia de Castela, Ceuta non se levantou e permaneceu unida a España.

Cercada durante máis de 30 anos polas tropas dun sultán marroquí a comezos do s. XVIII, convértese na praza fortificada que é hoxe en día. Esta cidade, fortemente castelanizada no s. XIX, acolleu con ledicia a proclamación da Segunda República, mais tamén sería o núcleo inicial da rebelión militar de 1936 que deu lugar á Guerra Civil.

Cunha poboación maioritariamente musulmá, hoxe en día a cidade é testemuña de afluencias masivas de inmigrantes de procedencia marroquí e subsahariana, que tentan escapar da pobreza, da inestabilidade e da crise climática no norte de África.

Comunidades autónomas

Unha comunidade autónoma é unha entidade administrativa, política e lexislativa que está formada por provincias limítrofes con capacidade para autogobernarse. A Constitución española, no seu [artigo 2](#), di que as provincias con características históricas, culturais e económicas comúns poden constituírse en entes autonómicos.

Entre 1979 e 1983 constituíronse as 17 comunidades autónomas actuais, das cales sete son uniprovinciais (Asturias, Cantabria, Navarra, A Rioxa, Madrid, Murcia e Baleares).

En 1995, Ceuta e Melilla convertéronse en cidades autónomas.



A VOZ EXPERTA



O desenvolvemento do Estado autonómico en 25 anos equipara a súa estrutura e funcionamento aos sistemas federais. (...) Se non se quere adoptar a terminoloxía federal, ha de recoñecerse que a autonomía da que gozan as CCAA posúe formalmente a maioría dos trazos esenciais [dos sistemas federais]. (...)

As CCAA exercen na práctica un importante poder político a través de potentes administracións públicas. (...) As administracións autonómicas exercen dous dos tres poderes tradicionais do Estado: o lexislativo e o executivo; en cambio, o poder xudicial non seguiu a estrutura descentralizada do Estado, a diferenza do que adoita suceder na meirande parte dos Estados politicamente descentralizados.

Eliseo Aja. "La consolidación del Estado autonómico", en *Anuario de derecho parlamentario*, nº15, 2004, pp.393-410





A división de 1833 responde ao modelo liberal do século XIX.

Cada comunidade autónoma ten as súas propias institucións e competencias, a Constitución española especifica cales destas son exclusivas do Estado e cales poden ser transferidas.

As comunidades autónomas caracterízanse por:

Estatutos de autonomía

Están reguladas polo seu propio estatuto de autonomía, que ten que ser aprobado polas Cortes. Este documento ten que conter, entre outros elementos, a denominación da propia comunidade, a súa organización e tamén as institucións e as competencias asumidas.

Orzamentos

Reciben dos Orzamentos Xerais do Estado recursos económicos cos que poder desenvolver as competencias asignadas. Ademais, poden recadar os seus propios impostos. En Navarra e no País Vasco hai un réxime fiscal distinto, o **foral**, xa que estas comunidades recadan os seus propios ingresos e pactan co Estado a cantidade que reciben dos orzamentos estatais.

As Canarias teñen un réxime económico e fiscal especial pola súa situación xeográfica; o mesmo ocorre con Ceuta e Melilla.

Algunhas comunidades autónomas reciben fondos para igualar o seu nivel de desenvolvemento e evitar os desequilibrios interterritoriais: son os Fondos de Convergencia Autonómica e os Fondos de Compensación Interterritorial. Foron creados porque o estado das autonomías se basea nos principios de igualdade territorial e na solidariedade.

Organización administrativa

As comunidades autónomas están divididas administrativamente en **provincias e municipios**. A administración provincial recae nas 41 deputacións espalladas polo territorio, xunto coas figuras dos sete cabidos en Canarias e dos catro consells insulars en Baleares.

As **competencias** que poden asumir estas administracións están establecidas na Constitución e poden ser:

- Políticas, para organizar as súas propias institucións.
- Educativas.
- Económicas, relacionadas coa agricultura, gandería, silvicultura, pesca, caza, industria etc.
- Infraestruturas e transportes, para actuar sobre obras públicas, ferrocarrís e estradas que transcorran pola autonomía, portos e aeroportos autonómicos.
- Ordenación do territorio, como as áreas de urbanismo, vivenda e medio ambiente.
- Sanitarias.
- Sociais, por exemplo a asistencia social.
- Culturais, na defensa e conservación de todo o seu patrimonio cultural, lingüístico (se o hai), tradicións, museos, bibliotecas, fomento da cultura e conservatorios.
- Deporte e turismo.

Institucións

Para poder autogobernarse contan coas seguintes institucións:

- **Parlamento autonómico.** Representa o poder legislativo. Decide as leis de ámbito autonómico sobre as materias da súa competencia, aproba os orzamentos e controla o Goberno autonómico. Os seus membros son elixidos por sufraxio universal, normalmente cada catro anos.
- **Presidencia da autonomía, conselleiros e conselleiras.** Representan o **poder executivo**. O presidente ou a presidenta escóllese polo Parlamento e noméase pola xefatura de Estado. Os conselleiros e as conselleiras escóllense desde a presidencia, e encárganselles distintos ámbitos de goberno organizados en consellerías. Así é como se exercen os labores de Goberno autonómico: executar e facer cumprir as leis aprobadas polo Parlamento e tamén aquelas sobre as competencias que a comunidade ten compartidas co Estado.
- **Tribunal Superior de Xustiza.** Representa o **poder xudicial**.

Provincias

Unha provincia é unha agrupación de municipios que se organiza arredor da deputación que a goberna. Administra e presta servizos aos municipios, pero non existe nas comunidades uniprovinciais, e nas illas recibe o nome de consell insular (Balears) ou cabido (Canarias). Ademais, é unha demarcación electoral.

A deputación está formada polo presidente ou presidenta e os deputados e as deputadas, que se escollen de entre os alcaldes e alcaldesas dos municipios. Ten que prestar e coordinar servizos a nivel provincial, ademais de fomentar a cooperación entre os municipios naquelas materias que non poidan xestionar de maneira independente.

A Constitución, no seu [artigo 141](#), permite a creación doutras entidades locais non territoriais diferentes á provincia, como son as *pedanías*, as comarcas, as parroquias, as mancomunidades ou as áreas metropolitanas.



Concellos

Os municipios son as unidades territoriais e administrativas básicas. A administración municipal é a que se atopa máis preto da cidadanía. Os municipios están formados polo termo municipal, un territorio delimitado de distintas dimensións, cun ou varios núcleos poboacionais. A súa razón de ser é prestar servizos esenciais á veciñanza que vive nel. Para iso recadan os seus propios impostos pero tamén reciben unha parte dos que recada o Estado e a correspondente comunidade.

O concello é o **goberno municipal**, formado polo alcalde ou a alcaldesa e os concelleiros e concelleiras que a veciñanza elixe por sufraxio universal nas eleccións municipais. O seu número variará segundo a poboación do municipio. O alcalde ou a alcaldesa é unha figura elixida polos concelleiros e concelleiras, de entre eles e elas.

Os servizos que prestan os concellos varían segundo a poboación, pero todos teñen que garantir a iluminación pública, a recollida de lixo, a limpeza viaria, a rede de sumidoiros, a subministración de auga potable a domicilio, a pavimentación e o asfaltado de rúas e o cemiterio. Os municipios pódense agrupar en mancomunidades para xestionar a prestación dos servizos.

Segundo a poboación, os municipios ademais teñen que atender as seguintes

necesidades da cidadanía:

- Os que teñen máis de 5000 habitantes deben ter biblioteca pública, parque público, mercado e tratamento de residuos.
- Os de máis de 20 000 habitantes contan con protección civil, prevención e extinción de incendios, servizos sociais, instalacións deportivas públicas e matadoiro.
- Os de máis de 50 000 habitantes teñen que ter transporte urbano público e servizos de protección do medioambiente.

Actividades

1. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

O concello é o goberno municipal, formado polo alcalde ou a alcaldesa e os concelleiros e concelleiras, que elixe o Parlamento.

☐

Verdadeiro

☐

Falso

Os municipios pódense agrupar en mancomunidades para xestionar a prestación dos servizos.

☐

Verdadeiro

☐

Falso

Os municipios con máis de 1000 habitantes teñen que ter biblioteca pública, parque público, mercado e tratamento de residuos.

☐

Verdadeiro

☐ Falso

O poder xudicial está en mans de xuíces, xuízas, maxistrados e maxistradas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

2. Completa o seguinte texto arrastrando cada opción ao lugar correspondente:

España é un país . Isto significa que existen administracións de menor tamaño que teñen un amplo marxe de decisión sobre os asuntos do Estado. En España estas administracións chámanse . As comunidades teñen os seus propios , o seu propio presidente ou presidenta e fan propias sobre asuntos como a sanidade ou a educación. Isto explica, por exemplo, que non se estuden exactamente as mesmas materias nas escolas de Galicia que en Andalucía, por poñer un caso.

Ademais do Estado central e as comunidades autónomas, España conta cun terceiro nivel . É o nivel , representado fundamentalmente polas deputacións e os concellos. Os réxense desde a . Ocúpanse de aspectos como o mantemento dos espazos públicos (parques, polideportivos, vías públicas etc), da recollida e a xestión dos residuos ou do abastecemento de auga.

administrativo

provinciais

local

descentralizado

leis

concellos

comunidades
autónomas

alcaldía

parlamentos


3. Busca información sobre o teu concello e contesta as seguintes preguntas. Podes facelo na páxina web do teu propio concello ou nesta do [Instituto Galego de Estatística \(IGE\)](#).

- Número de habitantes.
- Segundo o número de habitantes, que servizos ten a obriga de prestar o teu concello? Ofrece algún máis? Sinálao.
- Como está formada a corporación local?
- Cando foron as últimas eleccións municipais?

Estatuto de autonomía de Galicia

O actual Estatuto de autonomía aprobouse mediante o referendo do 21 de decembro de 1980, cunha participación do 28,3% da poboación electoral. O devandito estatuto entrou en vigor o 6 de abril de 1981, e desde entón é a norma institucional básica da comunidade galega.

Anteriormente, na Segunda República, aprobouse un proxecto de estatuto de autonomía que non chegou a entrar en vigor debido ao comezo da Guerra Civil.



Cartaz de Camilo Díaz Valiño para pedir o voto polo si no

referendo sobre o estatuto, no ano 36. Á dereita, proxecto de estatuto que non chegou a ver a luz.

O Estatuto de autonomía de Galicia está composto por 57 artigos, nos que se establecen as características da autonomía: territorio, lingua, poboación, capital e bandeira.

Nel [estrutúranse](#) todos os poderes, as institucións, as competencias, a administración, a forma de financiamento e a súa propia reforma.

Podes consultar as seguintes novas para coñecer como foi o proceso de elaboración do estatuto e ver imaxes da época.

- [A elaboración do actual estatuto galego \(1977-1981\)](#)
- [Máis de corenta anos de autonomía](#)

Goberno e institucións da comunidade autónoma galega

O autogoberno da comunidade está garantido grazas ás actuacións dunhas institucións que aparecen recollidas no Estatuto de autonomía de Galicia, en concreto no seu [artigo 9](#), onde se di que os poderes de Galicia se exercen "a través do Parlamento, da Xunta de Galicia e do seu Presidente".

O Parlamento de Galicia

O [Parlamento de Galicia](#) é o órgano representativo do pobo galego, localízase en Santiago de Compostela, a capital da comunidade. Está formado por 75 parlamentarios e parlamentarias que se elixen por sufraxio universal cada catro anos.

As súas principais funcións son legislar, aprobar os orzamentos da comunidade

e controlar o poder do executivo, entre outras moitas.



Edificio do Parlamento galego.

A Xunta de Galicia

A institución da [Xunta de Galicia](#) está composta polo presidente ou a presidenta, os vicepresidentes ou vicepresidentas e os conselleiros ou conselleiras (que se nomean desde a presidencia). Exerce o poder executivo e a política dentro da comunidade. A súa sede está en Santiago de Compostela, no pazo de Raxoi.



Sede da Xunta, no pazo de Raxoi.

A Xunta de Galicia exerce as competencias exclusivas que están recollidas no [Estatuto](#), algunhas das cales son:

- A elaboración e aprobación dos presupostos, a xestión dos tributos ou a coordinación da actividade das deputacións provinciais.
- Tamén ten competencias en determinadas áreas como:
 - a promoción e ensino da lingua galega, as obras públicas, as vías férreas, estradas e transporte, portos e aeroportos;
 - enerxía e medioambiente en todo o relacionado cos aproveitamentos forestais, hidráulicos e de enerxía eléctrica;
 - pesca (en rías e augas interiores) e augas minerais e termais.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Exerce de máxima institución xudicial, sendo a representación do poder xudicial na comunidade. Localízase en A Coruña e está formado pola sala do civil e o penal, a do contencioso-administrativo e a do social.

Consello de Contas de Galicia

Encárgase de fiscalizar as contas e de controlar a xestión económico-financeira do sector público galego. Ademais, pode emitir ditames e responder a consultas que lle expoñan as institucións ou os entes públicos galegos sobre contabilidade pública ou xestión económica e financeira.

Consello Consultivo de Galicia

Ten competencia para elaborar ditame técnico-xurídico en cuestións polas que é consultado pola presidencia da Xunta, o Consello da Xunta, as administracións autonómicas locais ou as universidades públicas galegas.

Real Academia Galega

A [RAG](#) é a institución que garante, estuda, defende e difunde a cultura galega, destacando de maneira importante a súa actividade de defensa e promoción do idioma galego.

Valedor ou Valedora do Pobo

Encárgase de defender e protexer os dereitos e liberdades dos galegos e das galegas,

e supervisa a actividade da Administración galega e local.

Esta **figura** é elixida polo Parlamento de Galicia por un período de cinco anos por maioría cualificada (3/5). É autónoma no exercicio das súas competencias.

Organización territorial de Galicia

Galicia está constituída por catro provincias:

- **A Coruña** é a máis poboada, e nela destacan cidades como A Coruña, Santiago e Ferrol, ademais de numerosas localidades cunha poboación superior a 20 000 habitantes, como Oleiros, Narón ou Cambre, entre outras.
- **Pontevedra** conta coa cidade máis grande da comunidade autónoma, Vigo, ademais de ser a provincia con maior densidade de poboación.
- **Ourense** é a provincia menos poboada de Galicia.
- **Lugo** é a segunda menos poboada da comunidade.

As comarcas

En Galicia hai 53 comarcas, que son unha división territorial intermedia entre as provincias e os municipios. Trátase do agrupamento de varios municipios próximos e relacionados entre si, dentro dunha mesma provincia, con características económicas, culturais e climáticas moi semellantes. Contan cunha localidade máis importante, normalmente a de maior poboación, que ofrece a toda a comarca un maior número de servizos (administrativos, comerciais culturais, sanitarios...).


No seguinte mapa pódense observar as distintas comarcas de Galicia.



Os municipios ou concellos

É a división administrativa máis pequena. Son moi numerosos en Galicia, hai 313, o que indica que a poboación está moi dispersa e en núcleos de poboación moi pequenos. Aquí van algúns detalles sobre eles:

- A provincia con máis concellos é A Coruña con 93, seguida de Ourense con 92, Lugo con 67 e Pontevedra con 61.
- Nos municipios rurais con dispersión de poboación podemos atopar aldeas e parroquias, aínda que estas últimas tamén se atopan en núcleos urbanos.
- As aldeas son un núcleo moi pequeno de poboación, menos de 50 persoas, moi característico do rural galego.
- As parroquias son un agrupamento de aldeas próximas.



Actividades

1. Cales das seguintes funcións corresponden ao Parlamento de Galicia?

- ☐ Exerce a potestade executiva.
- ☐ Controla a acción xudicial da Xunta de Galicia.
- ☐ Elabora ditames técnicos.
- ☐ Exerce a potestade lexislativa.

2. Relaciona cada característica co órgano ou institución correspondente.

Fiscaliza as contas e controla a xestión económico-financeira do sector público galego.

Consello Consultivo de Galicia

Defende e protexe os dereitos e liberdades dos galegos e das galegas.

Real Academia Galega

Exerce de máxima institución xudicial de Galicia.

Valedor ou Valedora do Pobo

Elabora ditame técnico-xurídico en cuestións polas que é consultado pola presidencia da Xunta.

Consello de Contas

Vela polos dereitos da lingua, defendéndooos e promovéndooos.

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

3. Escribe a división organizativa correspondente a cada definición.

É a división administrativa máis pequena, son moi numerosos en Galicia, o que indica que a poboación está moi dispersa. ➤ _____

Un núcleo moi pequeno de poboación, menos de 50 persoas, moi característico do rural galego. ➤ _____

A división territorial intermedia entre as provincias e os municipios. Consiste no agrupamento de varios municipios próximos e relacionados entre si, dentro dunha mesma provincia. Estas divisións teñen características económicas, culturais e climáticas moi semellantes. ➤ _____

4. Lee o seguinte [artigo](#) e logo responde ás cuestións no teu caderno:

- Que diferenzas e semellanzas atopas na evolución dos mapas sinalados na comunidade galega?
- A que cres que puideron ser debidas?

5. Busca información sobre o teu concello e despois completa a seguinte ficha no teu caderno. Podes apoiarte nestas ligazóns sobre [cartografía](#) e [parroquias](#).

Concello	Provincia
Nº de habitantes	Extensión en km ²
Densidade de poboación	Nº de parroquias Nº de aldeas
Características das parroquias: Parroquia de exemplo: ● Nome ● É urbana ou rural? ● Aldeas que a compoñen, no caso de telas. ● Que é o máis destacable dela? (Monumentos, rúas importantes, actividades que desenvolve, fontes, lavadoiros, lendas etc.) ● Curiosidades ou todo aquilo que queiras achegar ou destacar.	

6. **En grupo.** Organizádevos por equipos e lede o seguinte fragmento dun texto de Ramón Otero Pedrayo, escrito en 1927. Despois, contestade:

Escrito na néboa, relatos breves

O paisano é da parroquia, non do concello: o señor Perfecto Cabanelas é do lugar de Souto do Río na parroquia de Santa Cruz de Arrabaldo. A ninguén se lle ocorre dicir que é do Concello de Canedo.

- Que quere expresar o autor?
- Credes que o texto reflicte o día a día do teu concello? Razoa a túa resposta.
- Estades reflectidos ou reflectidas nesta cita? Por que?
- Agora é momento de debater. Pensades que a día de hoxe é conveniente a división en parroquias? Credes que é unha estrutura organizativa demasiado antiga?

- e. Fundamentade os vosos razoamentos e expoñede a vosa opinión ante o resto dos grupos.

7. Imos traballar cos sistemas de información xeográfica. Localiza a túa casa a través do seguinte [visor](#). A continuación, busca na web do [catastro](#) os datos alí rexistrados sobre o teu domicilio.

- Sorpréndenche os datos achados?
- Cales son os usos principais da construción?
- Sufriu algunha remodelación?


Fai o mesmo proceso localizando o teu instituto.

Ao peche

Que aprendiches?

Cando comezamos a unidade fixémosche unhas cantas preguntas. Moitas delas pode que as souberas, pero moitas outras non. Agora que xa tes moita máis información podes contestar a todas elas. Imos tentalo.

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Sabes que sistema de goberno existe en España?

A large, empty rectangular box with a thin grey border, intended for the user to write their reflection on the government system in Spain.

2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Por que existe a Xunta de Galicia?

- 3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que escolles cando votas nunhas eleccións municipais? E nas autonómicas?

- 4. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que escollemos nunhas eleccións ás Cortes? E nun referendo?

- 5. Reflexiona e valora o teu traballo.** Como funcionan as institucións do Estado? E as das comunidades autónomas?

- 6. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que recolle o Estatuto de autonomía de Galicia?

Avalíate

- 7.** Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

O Estado está formado polo territorio, a poboación e os órganos de Goberno.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A soberanía é típica dos Estados monárquicos, por iso ao rei ou á raíña se lle chama soberano ou soberana.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

As monarquías parlamentarias non teñen limitado o poder da Coroa pola Constitución.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Nas repúblicas presidencialistas a xefatura do Estado e a do Goberno osténtana a mesma persoa.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Nas repúblicas parlamentarias o xefe ou a xefa do Estado exerce funcións representativas, pode disolver o Parlamento e nomea a quen ocupa a presidencia do goberno, que é elixido ou elixida polo Parlamento.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

8. Relaciona a definición co termo correspondente:

Municipios

Son un núcleo moi pequeno de poboación, menos de 50 persoas. Moi característico do rural galego.

Comarcas

	As unidades territoriais e administrativas básicas. Son as que están máis preto da cidadanía.
Parroquias	Entidade administrativa, política e lexislativa formada por provincias limítrofes con capacidade para autogobernarse.
Aldeas	Agrupamento de aldeas próximas.
Comunidades autónomas	División territorial intermedia entre as provincias e os municipios, agrupamento de varios municipios próximos relacionados entre si.

9. Coloca as seguintes palabras no lugar correspondente do texto.

Os poderes do Estado son exercidos polo , que é quen escolle as . O Goberno debe render contas das súas decisións ao . En España, o Parlamento divídese en dúas cámaras: o e o . Ambas cámaras representan o poder , pois teñen a facultade de aprobar leis. As persoas que forman parte do Parlamento escóllense nas .

O Goberno ten o poder , é dicir, vixía que se cumpran as leis. É o o que se encarga de impartir e mesmo de revisar que as leis que aproba o Parlamento son adecuadas ao que se espera dun Estado democrático.

ministras e ministros	Congreso
Presidente ou presidenta do Goberno	poder xudicial

xustiza

executivo

Senado

Parlamento

eleccións xerais

lexislativo

10. Sinala se as seguintes frases son verdadeiras ou falsas.

Nas democracias todas as persoas son iguais ante a lei e teñen os mesmos dereitos e obrigas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A existencia dunha Constitución é unha das características dun réxime democrático.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O poder lexislativo redacta leis, apróbaas e controla o Goberno. En España recae no Congreso e no Senado.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A separación de poderes consiste en dividir o poder civil, o relixioso e o militar.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As democracias poden ser multipartidistas ou bipartidistas.



Verdadeiro



Falso

11. Completa as seguintes oracións coa palabra correcta.

O actual Estatuto de autonomía de Galicia votouse mediante

o 21 de decembro de 1980. É a norma institucional

da CCAA de Galicia, como así o reflicte a Constitución

española, onde a recoñece como nacionalidade

No noso

estrutúranse todos os poderes, as institucións, as competencias, a administración, a forma de financiamento e a súa propia reforma.

12. Sinala cales das seguintes competencias son exclusivas das comunidades autónomas:

☐

Autorización para a convocatoria de consultas populares por vía de referendo.

☐

Sistema monetario: divisas, cambio e convertibilidade.

☐

Organización das súas institucións de autogoberno.

☐

A pesca en augas interiores.

☐

Réxime aduaneiro e arancelario, comercio exterior.

☐

Ferrocarrís, estradas e aeroportos.

13. Sinala cales das seguintes características pertencen á Constitución española de 1978:

- ☐ Na Constitución está contemplado o proceso de reforma da mesma.
- ☐ España é un estado social, democrático e de dereito, onde se respectan os dereitos democráticos da cidadanía e se vela polo benestar socio-económico da poboación.
- ☐ Recoñece os dereitos e deberes fundamentais e os militares e básicos, por iso é un estado socialista.
- ☐ É un Estado de dereito por ter unha administración que cumpre coas leis que lle marca a Unión Europea.
- ☐ Outorga dereitos políticos á cidadanía, dándolle canles para organizar a participación da vontade popular a través das eleccións.
- ☐ A organización territorial do Estado recoñece o dereito á autonomía dentro do Estado.
- ☐ A soberanía nacional é de onde emanan todos os poderes do Estado, que están divididos en lexislativo, executivo e xudicial.

14. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

España está organizada territorialmente de xeito descentralizado en comunidades autónomas, provincias e municipios.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A Constitución establece que a organización territorial do Estado será centralizado nas comunidades autónomas e nos concellos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

España é un estado con comunidades autónomas, polo tanto é un

estado descentralizado federal.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Na II República algunhas comunidades conseguiron aprobar aos seus Estatutos de autonomía, por iso a Constitución de 1978 as considera nacionalidades históricas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

As comarcas teñen especial importancia en Cataluña e en Galicia onde as cidades son as capitais das comarcas e da Autonomía

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

15. Selecciona a opción correcta para completar a seguinte afirmación.

A democracia, caracterízase...

- ☐ ... pola soberanía nacional, o principio de igualdade, o agrupamento de poderes, os partidos políticos, os dereitos e liberdades fundamentais e a Constitución.
- ☐ ... pola soberanía principal, o principio de igualdade, o separación de poderes, o partido único, garanten os dereitos e liberdades fundamentais e a Constitución.
- ☐ ... pola soberanía nacional, o principio de igualdade, a separación de poderes, os partidos políticos, os dereitos e liberdades fundamentais e a Constitución.

16. Selecciona a opción correcta para completar a seguinte afirmación.

Na organización política española...

- ☐ ... o rei ou a raíña ostenta a xefatura do exército, representa España no exterior e sanciona as leis antes de que entren en vigor para darlles validez.
- ☐ ... o poder executivo está en mans do Goberno, formado polo presidente ou presidenta que escolle os seus ministros e ministras segundo o seu criterio.
- ☐ ... o poder xudicial asúmeno os Tribunais de xustiza, integrados por tribunais, xuíces, xuízas, avogados e avogadas.

Reforza

17. Sinala se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

En España hai un réxime democrático, unha monarquía parlamentaria.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

En España hai 19 comunidades autónomas, contando coas de Ceuta e Melilla.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Na actualidade existen monarquías absolutistas nalgúns países de

Oriente Medio.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Nas repúblicas a xefatura do Estado é un cargo hereditario e vitalicio.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

18. Selecciona as respostas correctas sobre os partidos políticos:

☐ A Constitución española permite a súa existencia.

☐ Os partidos políticos poden elixir a persoa que os lidera mediante referendos.

☐ A Constitución española permite a pluralidade de partidos que representan as distintas ideoloxías.

☐ Os representantes políticos escóllense entre os membros destes partidos mediante as eleccións.

☐ Os partidos políticos representan a soberanía nacional.

19. Completa o seguinte texto coas palabras dadas.

Galicia está composta por catro e numerosas comarcas e concellos.

En Galicia hai 53 , que son unha división territorial intermedia entre as provincias e os municipios.

Os son moi numerosos en Galicia, o que indica que a

poboación está moi dispersa e en núcleos de poboación moi pequenos.

As son un núcleo moi pequeno de poboación, menos de 50 persoas, moi característico do rural galego.

provincias

aldeas

comarcas

concellos

20. Selecciona a opción correcta:

- ☐ Nas monarquías absolutas o rei ou a raíña ten todos os poderes, non ten limitacións.
- ☐ O xefe ou a xefa do Estado é a única persoa que accede ao cargo por eleccións de forma vitalicia.
- ☐ Nas monarquías parlamentarias os reis e as raíñas ordenan e dirixen o Parlamento.

21. Selecciona a opción correcta para completar a seguinte afirmación.

Unha provincia é...

- ☐ ... a división administrativa formada polos municipios, as comarcas, as parroquias e os concellos.
- ☐ ... unha agrupación de municipios que se organiza arredor dunha deputación que a goberna.
- ☐ ... quen administra e presta servizos aos municipios. Nas illas chámanse consells insulares ou cabidos, e son unha demarcación electoral.

22. Que institución é a encargada de defender e protexer os dereitos e liberdades dos galegos e galegas?

- ☐ Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- ☐ Valedor ou Valedora do Pobo.




Amplía

- 23.** Le novamente o fragmento do discurso pronunciado polo rei emérito Xoán Carlos en Washington en 1976, e contesta:

Discurso de Xoán Carlos I


A Monarquía fará que, baixo os principios da democracia, se manteña en España a paz social e a estabilidade política, á vez que se asegure o acceso ordenado ao poder das distintas alternativas de goberno, segundo os desexos do pobo libremente expresados.

- a. Cal era o réxime de Goberno que existía nese momento en España?
- b. A que se refire o rei cando fala das distintas alternativas de Goberno?
- c. A que se refire ao dicir “segundo os desexos do pobo libremente expresados”?



- 24.** Observa esta gráfica sobre os diferentes [graos de autogoberno](#) no mundo e compara a situación dos Estados federais alemáns e a das nosas comunidades autónomas. Sinala, polo menos, dúas diferenzas e dúas similitudes.

Busca a información que precises na Internet ou en anuarios.




- 25.** Busca información sobre acontecementos recentes onde se puxo en funcionamento o [artigo 155](#) da Constitución. Resume o proceso.

Título VIII. Da organización territorial do Estado. Artigo 155

1. Se unha Comunidade Autónoma non cumprise as obrigas que a Constitución ou outras leis lle impoñan, ou actuase de forma que atente gravemente ó interese xeral de España, o Goberno, logo de requirimento ó presidente da Comunidade Autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar aquela ó cumprimento forzoso das citadas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral.

2. Para a execución das medidas previstas no número anterior, o Goberno poderalles dar instrucións a todas as autoridades das comunidades autónomas.



Actividades de síntese

26. Observa o seguinte [mapa](#) e logo responde no teu caderno ás cuestións:

- Indica que comunidades autónomas son consideradas históricas e a que se debe esa consideración.
- Enumera as provincias de cada unha das comunidades.
- Indica a capital de cada comunidade autónoma.

- 27.** Para rematar, deberás elixir un trámite ordinario que fai a cidadanía con respecto as súas administracións: pode ser unha xestión coa Xunta de Galicia, coa deputación ou co concello. Tamén podes facer un trámite telematicamente. Sacaraslle moito proveito a esta práctica cando sexas maior!

Glosario

Dereito

Térmo xurídico que fai referencia ás normas e deberes que afectan á cidadanía e que son claves en aspectos sociais, económicos, políticos e xudiciais.

Eleccións

Proceso mediante o cal a cidadanía exerce o seu dereito ao voto.

Goberno

Órgano máis importante do poder executivo cuxa función é a de dirixir, gobernar un Estado. Está composto pola Presidencia, a vicepresidencia (se a hai) e os ministros e as ministras.

Ordenamento xurídico

Agrupamento por escrito das normas, regras e leis que rixen as relacións entre a cidadanía e as institucións. Están organizadas de xeito xerárquico, sendo a Constitución a norma básica nas democracias.

Referendo

A diferenza das eleccións, o referendo é unha consulta que se fai á cidadanía sobre unha cuestión concreta e non para que elixa representantes políticos ou políticas.

Soberanía

Onde reside o poder; representa a autoridade, aplícase especialmente á autoridade política.

Sufrexio

Capacidade de elixir por votación. Aplícase á política, representa a elección de cada votante.

Ligazóns

Power Point

<https://www.slideshare.net/txema4/organizacin-territorial-de-espaa-geo-2-bach>

Vídeo

<https://youtu.be/AB2o7D5ywnY>

Ligazón ao texto da Constitución Española

<https://www.boe.es/legislacion/documentos/ConstitucionGALLEGO.pdf>

Ligazón ao texto do Estatuto de Autonomía de Galicia

<https://boe.es/buscar/pdf/1981/BOE-A-1981-9564-consolidado.pdf>

Serie documental sobre a Transición española

<https://www.rtve.es/archivo/la-transicion-serie/>

Apuntamentos sobre o tema

http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/3esohistoria/para_pdf/quincena12.pdf

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2021

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autoría dos contidos: Félix Longueira Fafián, Xosé Antón García González, Darío Doval Blanco, Ana María Regueira, Emilia Rodríguez Eirís e Rosalía Regueiro Méndez.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2021.

ISBN: 978-84-18513-38-1